

Vantaxes

Poder estar máis horas na empresa permitirá adquirir hábitos da vida profesional como:

- Familiarizarse coa xornada laboral.
- Ter como compañeiros/as profesionais experimentados.
- Preparación específica, difícil ou imposible de levar ó centro educativo.
- Posibilidade de aportar ideas á empresa.
- Amosar o talento que podes aportar á empresa.
- As prácticas serán remuneradas, con non menos de 450 euros.

CIFP A FARIXA – OURENSE

Rúa das Laxas s/n, 32005


Ourense

Teléfono 988.78.30.12

www.farixa.es

cifp.farixa@edu.xunta.es

GPS 42° 19' 23" N - 7° 52' 5" O



Formación Profesional Dual Ordinario 2º Curso



Que é a FP dual?

É unha modalidade de formación profesional que ten como finalidade a cualificación profesional das persoas nun réxime de alternancia de actividade laboral nunha empresa coa actividade formativa nun centro educativo.

A FP dual integra os tres piares que sustentan o proceso de formación dun profesional:

- **Formación curricular** (específica do ciclo formativo),
- **Actividade profesionalizadora na empresa e formación complementaria** (específica para os procesos produtivos da empresa),
- **Combinando a asistencia do alumnado no centro educativo coa súa formación e o seu traballo na empresa.**

Os centros e as empresas comparten as responsabilidades formativas para que as ensinanzas profesionais se adecúen ás necesidades do mercado laboral.

Horas de formación na empresa:

Ciclo 2000 horas

Centro formativo: 1333 hrs

Empresa: 666 hrs

Requisitos de acceso

- ♦ Ter dezaoito anos ou máis.
- ♦ Ter superados os módulos de primeiro curso.
- ♦ Superar a primeira avaliación dos módulos de segundo.
- ♦ Non ter realizado con anterioridade un contrato de formación e aprendizaxe e cumprir os requisitos establecidos na normativa para o poder efectuar.

Prazo de solicitudes

Primeiro trimestre do curso

Ligazón do alumnado coa empresa

O alumno/a pode ter a condición de

- ♦ Boleseiro, FEUGA, etc.

O alumno/a debe ser incorporado ao réxime xeral da **Seguridade Social**.

Remuneración

O alumno/a percibe una remuneración proporcional ao tempo de permanencia na empresa que non foi destinado a formación: **tempo efectivo de traballo**

Temporalización :

2º Curso									
Set.	Out.	Nov.	Decembro	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño
Centro Educativo				Empresa					



Xornadas de reforzo no Centro de planificación flexible

Avaliación no centro con probas teóricas ou prácticas segundo o caso